

RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial de:

Carlos Caetano Biscainho Fernandes

Xosé Manuel Sánchez Rei

A Coruña 2011

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial:

BISCAINHO FERNANDES, Carlos Caetano, SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel

A Coruña, 2011

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Cursos-Congresos-Simposios, n.º 117

N.º de páxinas: 216

Índice, páxina: 5

ISBN: 978-84-9749-475-5

ISBN: 978-84-9749-771-8 (electrónico)

Depósito legal: C 1033-2011

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718>

CDU: 80: Lingüística. Filoloxía.

811.134.4: Galego.

821.134.4: Literatura galega

Edición

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,

36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.

Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREGÁN. C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91-725 90 72.

Fax: 91- 713 06 31. Correo electrónico: breogan@breogan.org.

Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Servizo de Publicacións da UDC

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Nota dos editores	7
A gramática galega no século XX. O contributo de Carvalho Calero Rosario Álvarez	13
<i>Auto do prisioneiro</i> nas Mostras de Ribadavia: a recepción cénica da obra dramática de Carvalho Calero no período refundacional do teatro galego Carlos Caetano Biscainho Fernandes	31
Momentos de memoria persoal e comunal de RCC Carmen Blanco	49
Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro Xosé Ramón Freixero Mato	67
Pensamento, intervención e ciencia María Pilar García Negro	87
Ricardo Carvalho Calero, soliloquio contra a desesperanza Francisco Rodríguez Sánchez	91
O labor universitario de Ricardo Carvalho Calero José Luís Rodríguez	111
Etapas no pensamento lingüístico de Ricardo Carvalho Calero José-Martinho Montero Santalha	127
Ricardo Carvalho Calero: planificador da lingua galega Bernardo Penabade Rei	147
Achegamento urxente á narrativa de Carvalho Calero Henrique Rabuñal	157
Carvalho Calero poeta: a palabra no exilio Francisco Salinas Portugal	175
A sociolingüística sobre o galego antes e despois de 1936. O contributo de Carvalho Calero Goretti Sanmartín Rei	187
O teatro de Ricardo Carvalho Calero Laura Tato Fontaiña	201

A sociolingüística sobre o galego antes e despois de 1936. O contributo de Carvalho Calero

Goretti Sanmartín Rei

-Universidade da Coruña-

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718.187>



0. Introducción

Este traballo pretende realizar un achegamento á obra de Carvalho Calero desde a perspectiva sociolingüística con especial atención a aqueles aspectos do seu legado que conservan plena vixencia no momento actual. A nosa proposta non responde, pois, a unha análise demorada de cada unha das numerosas reflexións e propostas que Carvalho Calero nos ofreceu sobre a situación da lingua galega senón a un intento de nos dotarmos de (re)lecturas acaídas para unha planificación da lingua galega que coadxuve ao seu prestixio e á restitución daqueles ámbitos de uso en que aínda é deficitaria ou presenta problemas de importancia. Fronte a aqueles estudos que se enfrontan á obra (socio)lingüística carvalhiana con todos os preconceptos de constituír esta un referente marxinal se a compararmos coa inmensidade do seu contributo literario, proclamamos a necesidade de (re)visitarmos o Carvalho Calero que con coherencia, con rigor e con solidez defendeu as posibilidades de o galego se converter nunha lingua internacional de cultura, posuidora dun amplo abano de rexistros e capaz de satisfacer as heteroxéneas necesidades de expresión dunha comunidade cohesionada socialmente.

1. A etapa das Irmandades

Carvalho Calero fórmase nas décadas do pensamento das Irmandades da Fala, a época en que comeza xa a publicar escritos e a intervir activamente na sociedade galega. Velaquí o momento onde cobran forma e mesmo se consolidan moitos temas que se han converter en constantes na obra carvalhiana, entre os que achamos cuestións relevantes da reflexión sociolingüística sobre o galego con repercusións en calquera planificación que pretenda restituír os seus usos.

Da mesma maneira que non se entendería o proceso de recuperación da lingua e da literatura galegas sen nos aproximarmos ao máis coñecido como Rexurdimento –mais en propiedade o Primeiro Renacemento da nosa historia lingüística e literaria–, al-

gúns dos problemas de interpretación da realidade sociolingüística actual parten do descoñecemento e da falta de reflexión arredor dos discursos sobre a(s) lingua(s) de comezos do século XX, das décadas das Irmandades. Isto é especialmente grave por estas representaren o antecedente máis organizado e coherente arredor dun proxecto lingüístico para o galego. Aínda defendéndonos o dereito a nos construímos sincronicamente e a non ollarmos a nosa historia como un guión que nos determina, é fundamental sentírmonos como máis un elo na cadea do legado que temos a obriga de coidar e de transmitir. Carvalho Calero era, neste sentido, un defensor da necesidade de nos explicarmos historicamente e unha e outra vez denuncia aquelas persoas que xulgan sempre que están a comezar de cero: «O galego nom nace cando renace a sua expressom escrita no século XIX» (Carvalho Calero 1990: 16); nin nace coa democracia, o Estatuto de Autonomía e a Lei de normalización lingüística, diríamos hoxe. É verdade que Carvalho se está a referir, cando formula esta idea, á necesidade de o galego recuperar a grafía histórica e de se achegar ao portugués, pois na continuidade do texto citado observamos a simboloxía de que realmente nese momento de recuperación lingüística que supuxo o Primeiro Renacemento, o galego máis ben «morre» ao se producir unha fenda enorme en relación á forma que este presentaba uns séculos atrás, na etapa de ouro do galego-portugués medieval.

Porén, a idea é perfectamente válida para se estender a outras cuestións de máis relevancia do que parece. Por unha banda, a falta de consideración da lingua nunha perspectiva histórica, fai que se defenda unha e outra vez como só lexítimo galego aquelas formas que constitúen a praxe lingüística das xeracións actuais, desbotando rapidamente as características das faixas etáreas de maior idade e todo aquilo que conservamos literariamente e que debería supor unha aposta de futuro. Por outra parte, e devagariño, a entrada do galego na oficialidade (no ensino e na administración) deu a impresión de supor a «morte» do galego como lingua dominada e contribuíu a establecer unha forte barreira cuxos esteos podemos achar na falta de explicación de formarmos parte dun proceso inacabado que en calquera momento pode deterse, volver atrás, para ter que (re)comezar. Unha grande parte da poboación que hoxe xa recibiu a materia de lingua galega no sistema educativo parte dun prisma equivocado da realidade actual, que xulga máis edificado sobre a lexislación recente que sobre o esforzo planificador das Irmandades e a conquista de dereitos dun movemento reivindicador da lingua sen os cales esta xa non existiría.

Nesta liña, cómpre detérmonos nun dos problemas básicos da planificación lingüística actual que consiste na continua elaboración de propostas e documentos que non dialogan co construído con anterioridade, senón que se refiren de maneira case

exclusiva a aqueles asuntos polémicos da actualidade máis inmediata, entendida esta no sentido xornalístico ou de política institucional. Así, hoxe parece ser a única preocupación urxente desenvolver unha especie de confesión de non representaren as persoas e grupos a prol do galego ningún perigo para o español –como se iso fose preciso!– e asumindo, xa que logo, un discurso mediático que sitúa as persoas defensoras das linguas dominadas en exércitos armados contra algúns idiomas que exercen unha forte presión para se situaren en referentes únicos desde unha perspectiva política que nega –de distintas maneiras, cada vez máis sofisticadas– a diversidade de comunidades lingüísticas e de nacións fóra dos estados.

Nese proceso, pois, tamén é relevante repararmos en todo aquilo (e en todas aquelas persoas) que a institucionalización política, académica, cultural e lingüística foi levando para as marxes. Igual que hoxe podemos ler documentos e traballos que falan do galego como lingua «autonómica» (a consigna de estarmos nunha comunidade autónoma e que é xustamente ese concepto o que lle concedeu unha lingua impregna todos os discursos) ou que defenden o desenvolvemento de discursos autónomos da nosa concepción da realidade en termos sociohistóricos, podemos asistir á reivindicación do Carvalho Calero coñecedor/historiador da literatura galega fronte á ocultación do seu pensamento (socio)lingüístico. Do mesmo xeito, en moitas ocasións, a etapa das Irmandades parece unha denominación baleira de contidos para deixar paso á irrupción do Grupo Nós, tamén el reducido ao seu proxecto literario. Cada vez que tentamos que o alumnado se achegue este momento histórico temos que realizar un proceso previo de deconstrución dunha aprendizaxe que unicamente recolle a orientación literaria, para logo detectar a enorme sorpresa que produce a interesantísima abordaxe sociolingüística da denominada por Ramón Vilar Ponte Xeración do 16.

Ben sabemos que existen persoas que tentan, que tentamos, como estamos a facer nestas xornadas, construír realidades máis plurais e que entre o público estades moitas delas, mais falo, como é lóxico, desde a perspectiva dominante, tamén no ámbito académico e universitario.

Para non nos perdermos nestes prolegómenos necesarios, imos recoller as ideas principais de reivindicación ou reflexión sociolingüística da etapa de Antón e Ramón Vilar Ponte e de tantas outras voces. Velaquí o momento en que aparecen con forza temas e cuestións a que hoxe nos temos que enfrontar: a coherencia entre a defensa teórica do galego e a praxe do seu emprego, levándoo a todos os ámbitos, ao da informalidade e da coloquialidade mais tamén ao discurso científico ou político, tanto

oral como escrito, unha cuestión explicada magnificamente polo seu predecesor no ámbito da planificación lingüística sobre o galego Manuel García Blanco¹ no seu ensaio *Consideraciones sobre la Decadencia y Rehabilitación de la Lengua Gallega*; a polémica sobre a naturalidade ou a artificialidade da construción dun modelo culto de referencia, xa iniciada no Rexurdimento; as controversias sobre o significado da (co)oficialidade lingüística; a descrición da situación sociolingüística do país en termos de bilingüismo ou de diglosia, a que Castelao dedicou interesantes análises para logo as reproducir simbolicamente en imaxes e viñetas; a necesidade de lle dar prioridade ao combate sobre os preconceptos lingüísticos para conseguir o mantemento do galego a través das ideas de lealdade e de restitución lingüísticas (da verdadeira restitución, isto é, da extensión de uso do galego e da loita contra a súa deturpación) ou a procura de referentes de prestixio que coadruen nun proceso desenvolvido con elevadas doses de entusiasmo e de traballo mais con poucos efectivos e recursos, tanto humanos como materiais, algo que tamén caracterizou a obra carvalhiana.

2. O contributo de Carvalho Calero desde a perspectiva da súa vixencia na actualidade

A primeira reflexión xeral que cómpre facer é unha que liga Carvalho non só coa etapa das Irmandades a que antes nos referimos, senón tamén co momento posterior marcado coa clandestinidade e a reivindicación política e lingüística fóra das institucións e mesmo da legalidade. Refírome, claro está, ao feito de non pertencer ás esferas do poder, de non se incluír nos circuitos canonicamente establecidos. Tendemos, desde a perspectiva actual, a describir a relevancia dos contributos intelectuais desde as grandes obras e os escritos consagrados (que Carvalho Calero tamén posúe, para o cal non máis que citar a súa magna *Historia da literatura galega contemporánea*), mais existe un outro xeito de intervir, quer a través de escritos de divulgación (cargados de todo o seu coñecemento) concibidos para xornais e revistas, quer por medio da súa presenza en xornadas e conferencias por todo o país transmitindo moitas ideas e consideracións ás xeracións vindeiras. Carvalho Calero cumpriu, desta maneira, unha función de ponte –con actualización continua pola súa dedicación profesional– entre a xeración das Irmandades e o contributo sociolingüístico que se realizou nun primeiro momento fundamentalmente desde o ámbito da docencia non universitaria. Estamos a falar da obra de Francisco Rodríguez, de Pilar García Negro, do propio Xosé Ramón Freixeiro Mato, de Manuel Portas

1 Véxase o estudo de Salgado (2000).

ou de tantas outras persoas que, desde a docencia ou desde outros ámbitos entre os cales cómpre salientar o asociacionismo cultural, incorporaron o seu discurso á súa visión (socio)lingüística da sociedade galega. Aínda que nesta ollada tan xeral non teñamos espazo para matizacións, é fundamental recoñecermos que este legado foi moito máis extenso porque un amplo abano de docentes e persoas ligadas ao mundo da cultura, mesmo sen seren referentes en cuestións de índole sociolingüística, continuaron á súa vez a transmitir o seu pensamento. Como tamén denunciou Carvalho Calero, non debemos cinxir a cuestión da lingua aos especialistas nin vulgar que é un problema (ou unha teima e unha reserva exclusiva) das persoas dedicadas profesionalmente ao estudo, á docencia ou á investigación do ou sobre o galego.

Resumir en cinco ou dez minutos o legado sociolingüístico de Carvalho Calero é unha tarefa imposible. Nomear as que son cuestións cruciais neste momento de máxima tensión sobre o idioma, é o que pretendemos facer sinteticamente a continuación.

Carvalho Calero foi un dos máximos defensores da necesidade de nos construírmos desde un idioma propio negando as posibilidades e as vantaxes dun suposto bilingüismo que sempre nos había conducir quer a un sistema regulado por usos diglósicos, quer á escisión en dúas comunidades lingüísticas, co perigo que iso podía supoñer. O exemplo dos dous pobos bolivianos, o españolfalante e o falante de quechua, non deixa marxe de dúbida a respecto da súa condena do bilingüismo por amparar, a través del, a substitución lingüística. Adiántase, pois, á denuncia das diferentes maneiras de se referiren algunhas persoas ao bilingüismo harmónico, un concepto que recorrentemente nos anestesia. As persoas que hoxe defenden que se pode dar unha situación de convivencia pacífica e igualitaria de dous grupos lingüísticos nun espazo social compartido e un contexto de liberdade individual parten da base de existiren de facto dúas comunidades lingüísticas e, por tanto, dan por consumada a quebra da cohesión social que a lingua sempre sustentou e que defenderon os nosos devanceiros desde as Irmandades (ou mesmo desde a obra precursora da planificación lingüística contemporánea de Manuel García Blanco que acabamos de citar) á actualidade. Isto suporía deixar a lingua libremente (iso si, tras un período «especial») e camiñar cara ao *laissez faire, laissez passer* que significa ceder o paso ás dinámicas dun mundo globalizado e homoxeneizador. Polo contrario, Carvalho Calero xulgaba que o idioma é un ben social sobre o cal temos –todo o mundo e moito máis as institucións– obriga de intervir.

Igualmente Carvalho Calero, seguindo as pautas de Castelao ao reparar nas diferenzas entre falar galego por «ruralismo» ou por «galeguismo», foi un defensor máximo da atracción cara ao galego dos sectores que recibiran o español como lingua inicial e, nesta mesma liña, a persoa que nos alertou sobre o risco de caermos en vulgar como única posibilidade o mantemento do galego por parte das clases populares, mesmo facendo evidentes as traizóns que desde esas clases poderían xurdir. Avísanos, pois, Carvalho Calero dese pensamento perigoso que interpreta que un galegofalante inicial sempre vai manter e/ou defender a súa lingua e que serán sempre as persoas mellor acollidas entre os grupos comprometidos co idioma. O seu magnífico «Diálogo entre A e B» (Carvalho Calero 1992: 159-160), escrito en 1984, é, nese sentido, dunha modernidade digna de salientar. Como moderna é tamén a súa defensa de ser a lingua un factor ecolóxico e o símbolo de identidade que encerra a nosa particular cosmovisión. Non somos, nesta liña, aquilo que nos legan ou, cando menos, non somos iso unicamente nin fundamentalmente. Somos o que desexamos ser. A utilización de Carvalho Calero dun xogo dicotómico por didacticismo (A = non B; B = non A) non debe levarnos á determinación desa dualidade. Dese xeito, aínda que poidan existir persoas que nunca consigan unha fonética ou unha sintaxe de moi boa calidade (algo que tampouco acontece, non o esquezamos, con todas as persoas galegofalantes iniciais) si se dan casos de falantes de galego tras unha aprendizaxe non familiar que rematan por se converteren en verdadeiros exemplos e modelos lingüísticos. Hai moitos factores e/ou habilidades persoais que ter en conta neste proceso: facilidade para as linguas, marco familiar galegofalante, contexto galegófono...

Este proceso exemplificador de dúas realidades que poden darlle as costas ao seu destino estivo na base de moito do esforzo normalizador que tentou recuperar (e recuperou) moitas persoas inicialmente españolfalantes para o galego e tamén da denuncia da aplicación sistemática do concepto de lingua materna en contornos ambientalmente galegofalantes para se fixar unicamente a lexislación na lingua que se xulga de máis valor e que pode ser escollida como inicial.

E Carvalho Calero, en perfecta ligazón e coherencia co punto anterior, puxo o dedo na ferida ao nos alertar sobre a necesidade de xulgarmos fundamentais tanto a normalización como a normativización, insistindo unha e outra vez en que precisamos superar o modelo único do galego falado e deturpado. O debate ortográfico que tantas polémicas causou escureceu unha idea central do pensamento lingüístico de Carvalho Calero sobre cuxo pouso edificamos novas realidades moitas das persoas

que traballamos sobre a lingua desde a Universidade da Coruña, incluíndomos aquí grande parte da obra do profesor Freixeiro Mato.

Observarmos detidamente a realidade sociolingüística actual desde esta perspectiva debería conducir todas as persoas boas e xenerosas a confluiren na idea de ser imposible acreditarmos nas posibilidades de recuperación lingüística, cultural e política da Galiza sen lle darmos os debidos coidados á nosa lingua e sen reconecermos que son os ámbitos cultos e de prestixio os deficitarios. Non é que non detectemos a falta de fluidez expresiva e que non apostemos pola recuperación da fraseoloxía e de moitos fenómenos gramaticais de noso hoxe relegados ou esquecidos na praxe cotiá do galego. É que iso debe facerse, obrigatoriamente, acompañado da reivindicación dun modelo culto de calidade que ofrezca fortes doses de seguranza e de reapropiación lingüística. Porque, igual que Carvalho Calero, aínda hoxe non partimos da nada:

nom hai que reconstruir umha estrutura aniquilada ou esencialmente alterada, senom mais bem limpar de impurezas as linhas mestras da arquitectura do idioma e substituir as aderências retiradas polos elementos originais deslocados, sempre em harmonia coa deriva do conjunto do sistema, a que devemos prestar especial atenção no caso das fórmulas neológicas, ainda que sen submeter-se cegamente às normas colaterais (Carvalho Calero 1990: 18).

Quixera rematar esta sección acrescentando máis unha idea relevante: Carvalho Calero acreditaba firmemente na posibilidade de reverter os procesos de substitución lingüística. Na súa loita contra o fatalismo que nos asolagaba daquela e que continúa a nos invadir hoxe, Carvalho Calero é un optimista convencido, un creador de novas realidades e un sacudidor de consciencias. Carvalho Calero non entende a reflexión sociolingüística como unha simple descrición da realidade («como hai pouco galego na sociedade, o ensino ten que ter pouco galego», afirmou nesta universidade o actual secretario xeral de Política Lingüística), senón como a posibilidade de a transformarmos coas nosas decisións individuais e colectivas (xa que hai pouco galego no meu contexto cidadán, quero compensalo no sistema educativo).

3. Ollando cara ao futuro

Sen ningunha dúbida, existen varios elementos que deberiamos ter presentes neste momento de crise xeneralizada a respecto das posicións existentes sobre o galego e a planificación do seu status. O primeiro en que cómpre detérmonos é na necesidade de nos dotarmos novamente dun discurso que faga ver o que se oculta tras o bilingüismo e o plurilingüismo. Se Carvalho Calero nos deixou moitos exemplos e imaxes, nós temos unha o suficientemente significativa: a visita do conselleiro de

Educación o día 17 de novembro de 2010 a un colexio do Porriño preguntando «Where are you from?» / «De donde sois?», por se alguén aínda non sabía de que falabamos cando algúns falan de plurilingüismo. Volvermos á idea de o plurilingüismo constituir unha importantísima riqueza individual que, na medida en que afecte moitas persoas ou sectores, pode converterse nun valor acrecentado de coñecemento, e que estas cuestións non deben confundirse coa idea da construción na lingua propia como referente principal, é fundamental. E facer iso en sociedades máis heteroxéneas, con máis linguas, tampouco implica renunciar á hexemonía social do galego. Fiar nos a partir de agora moi fino para non nos deixarmos engaiolar polas bondades do bilingüismo e caer nas redes dos «especialistas» é outra idea central.

Reclamar o bilingüismo como a consecución dalgúns espazos de liberdade para o galego (por moi importantes que estes foren), como as administracións ou o ámbito educativo (equivócase quen pensa que se pode avanzar deixando o ensino universitario fóra) pode supor a consagración dun reparto funcional que, nada inocentemente, continuará a varrer coa nosa lingua. Ritualización, reduccionismo, ausencia de praceres e de seguranzas lingüísticas, aposta polo modelo único da reclamación individual..., son cuestións xa ben coñecidas por parte dunha planificación que conseguiu aparentar unha normalidade na escrita «burocrática» desmentida por un ínfimo uso oral. Especialmente prexudiciais son aquelas propostas que insisten en reiterar os espazos xa consolidados na andaina normalizadora, por exemplo a afirmar unha e outra vez que a lingua da administración é o galego.

Outra cuestión relevante, que aínda ha deixar novas singraduras e ronseis para triparmos nesta utopía da construción da patria é, sen dúbida, a da necesidade de restituírmos o galego conseguindo un modelo culto. Nesta súa defensa, en que el tamén introduciu a recuperación da grafía histórica, encaixa perfectamente un aspecto que debiamos situar por riba das liortas normativas e das nosas opcións particulares na escrita. Referímonos, evidentemente, ao feito de ser a doutrina carvalhiana a que inspira, para o caso galego, a ligazón indisolúbel entre a defensa da lingua e a aposta por un galego que hoxe algunhas persoas denominamos de calidade e que Carvalho Calero resumía na expresión «un galego rexenerado» nun proceso que, segundo el mesmo dicía, pode andarse a moitos e diferentes ritmos mais que é esixido andar para nos constituírmos como grupo diferenciado.

A oposición a esta defensa, a través da exaltación da praxe lingüística cotiá no que de interferido ela ten ou a través da reivindicación do localismo na fala supón desandarmos o camiño andado por unha tradición que sempre tentou non filoloxizar

a cuestión da lingua. Non é que Carvalho Calero desprezase o labor de estudo e de investigación sobre a lingua e a literatura a que tantas horas dedicou, é que sabía moi ben a complicidade dalgúns especialistas e o interese do sistema en amparar as súas políticas reducionistas e homoxeneizadoras, convertendo o idioma nun produto quer arqueolóxico, quer cultural ou literario.

Nesta lexitimación da xusta restitución histórica non entra unicamente a escolla da recuperación léxica e sintáctica a través do portugués, senón tamén o coñecemento da historia e da lingua literaria que nos conformou e, desde esta perspectiva, acrecentándolle aínda a defensa utilitarista dos beneficios da aproximación ao portugués (que persoalmente non comparto), un dos máximos seguidores ao tempo que actualizadores do pensamento de Carvalho Calero é o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, que escribiu aquilo que moitas outras persoas recolleemos de sermos reintegracionistas coa norma oficial (Freixeiro Mato 2004).

Mais asumir esa idea, e facelo a través do acordo normativo de 2003, significaba pór en práctica un outro modelo de lingua e prepararnos para unha nova viaxe..., e non ficar como estabamos e só os que estaban. Nunha mancha de motivacións que deberían facernos mover está tamén a de observar con preocupación a degradación da lingua e non situar nunha idea resesa de pureza a loita por recuperarmos expresións e formas que aínda están vivas en falantes actuais. Neste sentido, cómpre reivindicarmos esta idea desde os postulados de Cameron (1995) ao pór en evidencia que estamos a falar de procesos de diversidade e de democratización. Nesta liña, os discursos sobre a calidade, moi ao contrario do que moitas persoas argumentan, son apostas contra-poder e fican moi lonxe do elitismo que noutros contextos supón defender o rexistro culto ou a norma estándar. Porque tirando os argumentos dos contextos, tamén se pode acusar de «pureza intransixente» a defensa exclusiva da fala viva como único modelo en que nos podemos recoñecer. Polo contrario, e afortunadamente, o feito de Rosalía escribir «casiña en que me eu criei» leva moit@s falantes a, tras se identificaren e recoñeceren esta como propia, comprenderen que «a escritora de que che falei» é unha forma léxítima que non podemos expulsar da lingua por ser pouco habitual nos contextos coloquiais. A ruptura da dicotomía entre galegofalantes naturais e galegofalantes de instalación, defendida en múltiples ocasións pola profesora García Negro, converte toda a poboación galegofalante comprometida (ou non diglósica ou non submisa) en neofalantes que posúen todo o dereito a se construíren como quixeren.

Xulgamos que non é certo, para finalizar, que a ideoloxía reintegracionista, como indicou nun traballo –por outra parte moi interesante– Cordal Fustes (2009), comporte unha ideoloxía de alleamento dos referentes políticos nacionais, aínda que nalgunha ocasión poida concretarse así. En todo o caso, ese feito quizais poida ser atribuído a algunhas persoas con ideoloxía reintegracionista, mais non á ideoloxía en si e, entre esas persoas, ninguén dubidaría de que Carvalho Calero non está, pois toda a súa obra está posta ao servizo do galego e co obxectivo de a lingua desta nación se converter no idioma hexemónico da Galiza. É certo que existe no reintegracionismo unha idea de ser un fracaso o modelo de lingua desenvolvido desde o século XIX, como sinala Cordal Fustes (2009: 28), unha noción que Carvalho Calero (1990: 15-16) tamén partillou:

o galego estudado e o galego empregado nom pode ser o galego fanado que se perpetuou no uso familiar das classes deprimidas, como consecuencia do centralismo lingüístico, galego esmorecente cujo sentimento de inferioridade o conducía a assolagar-se no seio salvador do idioma estatal, porque umha detençom do processo de degradaçom sobre umha base de isolamento, é impossível.

Porén, ese sentimento dun desenvolvemento normativo merado pode perfectamente ser superado se se constataren uns mínimos de recuperación digna para o modelo de lingua e isto for acompañado dunha nova vontade de confluencia. E as vontades non se miden, cando menos non unicamente, en termos de maiorías e de minorías. Nese sentido, é falso afirmar que son «as maiorías quen se encargan de sancionar mediante o uso o modelo culto» (Cordal Fustes 2009: 36). Porque nun momento determinado da nosa historia recente, existiu numericamente unha importante maioría de utentes reais do galego que non utilizaban a norma oficial (entre eles estaban os membros da Asociación Socio-Pedagóxica Galega que quizais por iso decidiron, con total liberdade, publicar unhas «orientacións» para o seu uso), mais foi a consolidación institucional –feita de arriba cara a abaixo– a que rematou por nos cegar e nos ofrecer esa aparencia de maioría (burocrático-administrativa) cualificada que, en palabras de Cordal Fustes (2009: 36) «así o quere» [o modelo]. Estas cuestións que decidimos agora deixar simplemente enunciadas para as retomarmos noutro momento, non escurecen a dramática realidade de moitos dos argumentos expresados neste artigo e que teñen unha repercusión inmediata para a restitución de usos do galego. Entre eles, por só citarmos os máis relevantes, están o do preconceito de non precisar o emprego do galego un coñecemento profundo da fala viva e o desprezo pola literatura contemporánea, cuestión esta última que arrastra uns e outros sectores e verdadeira ruína polo que supón de perda de debate de ideas e de reflexión desde nós.

En definitiva, a idea de reintegración lingüística e cultural é moito máis ampla que a simplificación de elixirmos o modelo do portugués, igual que o percorrido que levamos andado non pode reducirse nin ás saudades dun pasado glorioso nin á fuxida cara a paraísos afastados. Trátase, realmente, de elixirmos o modelo do galego sen cerrarmos os ollos perante a realidade do portugués, sobre todo, desde a miña perspectiva, como modelo para mellorarmos o galego. Porque hoxe non podemos fuxir de que moitos/as galegos/as son verdadeiramente semifalantes. Eis a chave do problema. Esa constatación e o continuo debilitamento dos argumentos que nos constrúen arredor da lingua. Da fortaleza dos sectores comprometidos dependemos. Esa era a nosa loita hai algún tempo (Sanmartín Rei 2009), nunha mensaxe que aínda xulgamos necesaria, pois hoxe só parecen querer deixarse escoitar os discursos dirixidos aos sectores antigalego. O dramático deste feito reside en que se produce cando detectamos a irrupción axigantada das xeracións a que se lles roubou a transmisión interxeracional. Eses son os vimbios con que contamos. E para elas, non temos ningunha dúbida, escribiu tamén Carvalho Calero moitas das súas páxinas.

Referencias bibliográficas

Cameron, D. (1995): «On verbal hygiene», en Cameron, D., *Verbal Hygiene*, 1-32 (London and New York: Routledge).

Carvalho Calero, R. (1992): *Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Carvalho Calero, R. (1990): *Do Galego e da Galiza* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Cordal Fustes, X. (2009): «A ideoloxía reintegracionista (Notas de filoloxía política - 2.0)», *A trabe de ouro* 79: 27-47.

Freixeiro Mato, X. R. (2004): «Sermos reintegracionistas con normativa oficial», *A Nosa Terra* 1112: 16.

García Blanco, M. (1912): *Consideraciones sobre la Decadencia y Rehabilitación de la Lengua Gallega* (Lugo: El Norte de Galicia).

Salgado, B. F. (2000): *Os rudimentos da Lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).